

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTA COMBA

*Substitución funcións do alcalde do 24 ao 28 de xaneiro de 2025, ambos incluídos*

#### ANUNCIO

**Procedemento:** decretos de organización

**Asunto:** substitución das funcións do alcalde

**Decreto do alcalde** núm.: 53/2025 do 21/01/2024

**Expediente Tedec:** 2024/X998/000008

**Expediente decreto:** 2025/G003/00005

Logo de ver que corresponde aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

E de ver que o alcalde atoparase ausente do municipio nas datas do 24 ao 28 de xaneiro de 2025, ambos incluídos.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- O artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, (en diante LBRL).
- Os artigos 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, (en diante ROF).

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 Delegar en Pablo Negreira Souto, terceiro tenente de alcalde, a totalidade das funcións da alcaldía, nos termos do artigo 23.3 da LBRL, nas datas do 24 ao 28 de xaneiro de 2025.

2 A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

3 O órgano delegado debe informar a esta alcaldía, *a posteriori*, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé no artigo 115 do ROF.

4 A delegación conferida neste decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

5 Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no Taboleiro de Edictos Electrónico incluído na Sede Electrónica municipal.

6 No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións LBRL e do ROF, en canto ás regras que para a delegación se establecen nas devanditas normas

7 Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

Contra este decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da LBRL, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante a alcaldía deste concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no termo de dous meses

Santa Comba, 21 de xaneiro de 2025

O alcalde

Alberto Romar Landeira